

Os cambios supoñen a miúdo unha crise que non sempre resulta doado de asimilar, toda ruptura co setado anterior leva asociada unha modificación ou alteración, ás veces, difícil de encaixar.

O nome da protagonista, Xoa, convértese no título do conto que Antonio Yáñez Casal vén de publicar e que fará as delicias do lector novo, porque na historia se combinan ingredientes atractivos para os pequenos: deste xeito, os protagonistas pertencen ao reino animal e o decorrer dos acontecementos demanda a complementariedade/complixidade do lector para resolver enigmas que lle permitirán á Xoaniña ir acadando aspecto de

Ingredientes atractivos

Con boa cadencia narrativa

MARÍA NAVARRO



membro adulto. Se a isto sumamos a cadencia na narración e unha forma clara e sinxela de contar a través dunha linguaxe coidada o resultado cáseque ten o éxito asegurado.

Quere a ficción literaria que a coccinella septe mpunctata teña, despois da eclosión inicial, que desenvolver o proceso dunha metamorfose completa; primeiro en larva, logo en pupa e finalmente en imago superan-

do sete probas en cada unha das cales obterá o punto característico que cobren os élitros do coleóptero. Para levar a cabo tal empresa emprega Xoa os recursos dos que dispón; consellos da nai, ensinanzas dos habitantes do campeiro... e moito, moito enxeño. E como soe suceder nestes casos o resultado final é unha inmensa satisfacción polo traballo ben feito que ten a súa recompensa no punto que tras cada solución lle marcan no corpo.

Trátase dunha historia ben sinxela que ben pode ser considerada unha metáfora da vida; un percorrido cara a adiante no que día tras día imos superando probas e/ou retrocedendo pasos.

YÁÑEZ CASAL, Antonio, Xoa (Ilustr. Rodrigo Chao), Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP.12 €